

“EDUTECEMPRENDE”

Programas Eduemprende. Curso 2021/2022.

Este programa desenvólvese no marco do Plan de Emprendemento no Sistema Educativo de Galicia, ao abeiro da colaboración establecida entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e diferentes empresas e centros tecnolóxicos.

OBXECTIVOS

Esta convocatoria vai dirixida a motivar e sensibilizar ao alumnado de diferentes niveis educativos no espírito emprendedor a través do coñecemento da realidade empresarial e tecnolóxica da súa contorna, así como a promover a súa achega ás áreas STEM.

DESTINATARIOS

Alumnado de 3º e 4º de ESO, bacharelato e formación profesional dos centros educativos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

ACTIVIDADES

O programa EduTecEmprende consiste na visita a empresas e centros tecnolóxicos da nosa comunidade, nas que o alumnado terá a oportunidade de entrar en contacto con novas técnicas de produción, tecnoloxías intelixentes no seo da industria 4.0 e diversas profesións, a través das experiencias dos traballadores/as e coñecer o funcionamento dun centro tecnolóxico.

Neste programa realízanse visitas a:

- Asociación de Empresarios da Primeira Transformación da Madeira de Lugo
- Concesionarios Pérez Rumbao
- Naturgy
- Anfaco-CECOPECA
- CIS Tecnoloxía e Deseño
- Gradient
- Aluminios Cortizo, S.A.U.

No Anexo II aparecen as actividades que se desenvolverán en cada unha das visitas e as características das mesmas.

Previamente á visita, o profesorado do centro educativo traballará co alumnado a actividade da empresa ou do centro tecnolóxico que se lle asigne, así como a súa implicación no sector produtivo correspondente, incorporando as actitudes e os valores propios do emprendemento.

SOLICITUDES

As solicitudes enviaranse, desde a conta de correo corporativa do centro, a solicitudes.eduemprende@edu.xunta.gal co seguinte asunto: "*Solicitud programa EducTecEmprende 2021-2022*", conforme ao Anexo I.

Os centros solicitantes deberán presentar, xunto coa solicitude (Anexo I), unha proposta de traballo de fomento do emprendemento na que figure a persoa responsable da coordinación deste programa. A proposta de traballo deberá especificar recursos a empregar, actividades a desenvolver e planificación das mesmas ao longo do curso.

Cada centro educativo poderá presentar unha única solicitude onde indicará os datos de contacto da persoa coordinadora da iniciativa no centro e o número de alumnado participante en cada nivel.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Portal Educativo: <https://www.edu.xunta.gal/portal/>.

SELECCIÓN DOS CENTROS

Adxudicarase unha visita por centro. Poderase solicitar a visita a tres entidades colaboradoras como máximo por orde de preferencia. No caso de ter máis solicitudes que visitas dispoñibles farase unha selección de centros. Nesta selección valorarase a proposta de traballo presentada en función dos seguintes puntos:

- Obxectivos e actividades propostos para acadar o obxectivo xeral do programa EduTecEmprende.
- Recursos empregados.

- Temporalización.

Para esta valoración creárase unha comisión composta por:

- Dúas persoas representantes da Subdirección Xeral de Formación Profesional, unha das cales actuará como presidente/a da comisión de selección.
- Dúas persoas representantes das entidades colaboradoras.

No caso de que o número de centros con valoración favorable na proposta de traballo supere o número de visitas establecidas para cada entidade colaboradora, a comisión de selección poderá realizar unha proposta superior a dito límite xustificando a viabilidade de ampliar o número de entidades colaboradoras.

CERTIFICACIÓN DO PROFESORADO

O traballo realizado polo profesorado coordinador desde programa nos centros seleccionados será recoñecido pola Administración Educativa como actividades de innovación educativa cunha equivalencia de 12 horas de formación permanente do profesorado.

Unha vez rematado o programa, e antes do 27 de xuño do 2022, debe remitirse unha memoria, seguindo as instrucións que serán remitidas aos centros seleccionados, que deberá recoller o traballo realizado co alumnado participante e na que se reflectirán as diferentes actividades desenvolvidas así como a visita realizada.

Para o recoñecemento como actividade de innovación educativa, será necesaria a valoración positiva da memoria e unha certificación da dirección do centro na que figure o profesorado coordinador do programa e as funcións realizadas.

TEMPORALIZACIÓN DA ACTIVIDADE

As visitas do programa levaranse a cabo ao longo do segundo e terceiro trimestre do curso 2021-2022. As datas de visita, en cada caso, aparecen fixadas no Anexo II da convocatoria e poderán ser modificadas por necesidades organizativas das entidades colaboradoras.